



## AXUDAS A ASOCIACIÓNS (Deputación)

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña do día 1-02-2022 publícase o extracto do Programa de axudas a entidades sen ánimo de lucro para:

- Actividades culturais durante o ano 2022: O prazo para solicitálas remata o día 4-03-2022. (FO203/2022). Bases reguladoras publicadas no BOP do día 24-01-2022. Subvencionarase o desenvolvemento de proxectos culturais orientados á información e sensibilización social sobre o campo de traballo das entidades peticionarias e ao traballo cos seus destinatarios directos a través de contidos artísticos e culturais.

- Investimentos culturais durante o ano 2022: O prazo para solicitálas remata o día 4-03-2022. (FO204/2022). Bases reguladoras publicadas no BOP do día 24-01-2022. Son gastos subvencionables os equipamentos e moblaxe; realización de reformas, ampliación e mellora de inmobles de titularidade da entidade solicitante; compra de materiais de uso técnico e artístico vinculados ao desenvolvemento da programación das actividades da entidade.

Son BENEFICIARIAS as entidades sen ánimo de lucro con domicilio fiscal na provincia da Coruña.

Cantidade subvencionable: ata o 80% do orzamento de gastos

As entidades interesadas deberán presentar a solicitude a través da plataforma telemática Subtel da Deputación da Coruña. <https://sede.dacoruna.gal/Subtel/>

- Tamén se publican no BOP do día 26-01-2022 as bases reguladoras do programa de subvencións a entidades deportivas, sen ánimo de lucro, para infraestruturas e equipamento deportivo durante o ano 2022 (FO104/2022). Está pendente de abrir o prazo de solicitude.
- E publícanse no BOP do día 26-01-2022 as bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, para a realización de actividades de fomento da actividade física e do deporte durante o ano 2022. (FO103A/2022). Está pendente de abrir o prazo de solicitudes

Mais información: Nos BOP citados, ou no departamento de cultura do Concello de Vilasantar (Trini) 981 778 169